

PLAN ESTRATÉXICO CDR O VISO 2022-2025

1. INTRODUCCIÓN

O Centro de Desenvolvemento Rural “O Viso” (en diante CDR “O Viso”) somos una entidades en ánimo de lucro constituída no 1990 e declarada de Utilidade Pública desde o ano 2010, que desenvolvemos un proxecto integral de intervención comunitaria no medio rural, dirixido á **poboación máis vulnerable da comarca da Limia, colectivos excluídos ou en risco de exclusión social**. Desenvolvemos o noso traballo a través de accións de carácter social, educativo, informativo, formativo e de promoción do emprego, para que a nosa comunidade permaneza no seu medio, en mellores condicións e cunha maior calidade de vida.

A elaboración do Plan Estratéxico do CDR “O Viso” é a proposta de liñas, obxectivos e accións que pretendemos desenvolver durante o período 2022-2025, para cumprir con:

- A nosa **misión** de acompañar á xente do medio rural limiao en procesos de desenvolvemento que asumen o desafío de facer medrar a toda persoa e a todas as persoas.
- A nosa **visión** de ser un referente da “**utopía realizable**” no medio rural galego.
- Os nosos **valores**: a inquietude, o compromiso prioritario, sendo o seu verdadeiro norte desenvolver unha auténtica educación integral que exprese a mística, o entusiasmo que queremos brindar e que recollemos na pedagogía e metodoloxía do noso traballo.

Co Plan Estratéxico 2022-2025 perseguimos os seguintes obxectivos:

- Consolidar e mellorar un modelo de intervención integral coa poboación rural máis vulnerable da comarca da Limia, colectivos excluídos ou en risco de exclusión social.
- Responder ós desafíos demográficos
 - o despoboamento
 - o envellecemento
 - o acceso ós servizos básicos
- Xerar cambios sostibles e sostidos no tempo na comarca da Limia
- Consolidar o compromiso adquirido co medio rural e coas persoas que viven nel
- Contribuír cos nosos proxectos á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030

Para a consecución destes obxectivos desenvólense seus liñas estratéxicas que definen:

- Accións de continuidade, que consolidan o compromiso adquirido coas persoas que viven no medio rural, dándolle continuidade ós logros conseguidos
- Accións innovadoras, que xeran cambios sostibles e sostidos no tempo

As seis liñas estratéxicas establecidas no Plan Estratéxico 2022-2025, preséntanse aliñadas coa misión, visión e valores do CDR, así como cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030:

- LIÑA 1: CALIDADE DE VIDA, INCLUSIÓN SOCIAL E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES
- LIÑA2: DESENVOLVEMENTO RURAL SOSTIBLE
- LIÑA 3: XESTIÓN DE CALIDADE
- LIÑA 4: SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA, EMPRENDEMENTO E INNOVACIÓN
- LIÑA 5: COMUNICACIÓN, IDENTIDADE E IMAXE CORPORATIVA
- LIÑA 6: COHESIÓN E FORTALECIMENTO DA ENTIDADE E TRABALLO EN REDE

2. MISIÓN, VISIÓN E VALORES

MISIÓN: "Acompañar á xente do medio rural limiao en procesos de desenvolvemento que asumen o desafío de facer medrar a toda persoa e a todas as persoas"

VISIÓN: Ser un referente da "utopía realizable" no medio rural galego, cunha estratexia de desenvolvemento integral dirixida á poboación máis vulnerable da comarca da Limia; a través de accións globais de carácter social, educativas, informativas, económicas, de formación e emprego para que a nosa comunidade permaneza no seu medio, en mellores condicións e cunha maior calidade de vida.

VALORES: a inqueda e o compromiso prioritarios de Centro de Desenvolvemento Rural "O Viso", o seu verdadeiro norte en todos os programas, é desenvolver unha auténtica educación integral. A educación integral expresa a mística e o entusiasmo que queremos brindar e que recollemos na pedagogía e na metodoloxía:

- Da liberación: da liberdade interior e da conciencia crítica
- Do diálogo, da convivencia pacífica e do sentido democrático
- Da expresión, da creatividade e da acción
- Do sentido da persoa, dos valores, en concreto pola garantía dos valores éticos fundamentais (da xustiza absoluta coas persoas e coa historia, a convivencia fraterna, o respecto e a acollida)
- Do sentido do ben común, da pertenza ó pobo e da conciencia histórica

3. PRESENTACIÓN DE LA ENTIDAD

3.1. NUESTRA HISTORIA EN HITOS

Nos seus anos de existencia, o CDR "O Viso", seguindo a súa máxima, "o que é necesario é posible, e ademais realizable", foi conseguindo logros ó longo dos anos. Os principais fitos históricos son:

- 1985: Constitución da Asociación Cultural "O Cruceiro", precursora da entidade actual.
- 1990: Constitución do Centro de Desenvolvemento Rural "O Viso"
- 1997: Premio "Promoción da Terra 1997"- Irmandade Moncho Valcarce
- 1998: Apertura do Comedor Social e Comunitario.
- 2000: Apertura do Centro de Información Xuvenil e Comunitario (actualmente é o único da comunidade autónoma que non pertence a ningún organismo público).
- 2002: Inauguración da Vivenda Comunitaria "A túa outra casa".
- 2010: Declaración de Entidade de Utilidade Pública.
- 2012: Inauguración do Centro de Día Lodoselo e premio ó "Desarrollo Rural Macario Asenjo Ponce" na categoría Nacional, outorgado pola Fundación do mesmo nome.
- 2013: Participación no Programa europeo Symbios.
- 2015: Incorporamos o programa de Educación Infantil Familiar na Limia (que veu facendo ata o 2012 o Preescolar na Casa)
- 2017: Constituímos unha agrupación de asociacións, a "Asociación Rural Terra e Xente" que aúna a catro entidades sociais que traballamos no medio rural galego: O Centro de Desenvolvemento Rural Ancares, a Asociación Euro Eume, o Centro de Desenvolvemento Rural Portas Abertas e o Centro de Desenvolvemento Rural O Viso.
- 2019: Abre as portas a Casa Niño Lodoselo: incorporamos ó proxecto do CDR este novo programa educativo (etapa 0-3).

3.2. RECOÑECIMENTOS E CERTIFICACIÓNS

- Entidade declarada de Utilidade Pública, con número de rexistro 1990/894-1º.
- Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, co número de rexistro E-252.
- Inscrita en el Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia co nº O-37.
- Certificación de Calidade ISO 9001 nos servizos do Centro de Inclusión: Comedor Social no Centro e a domicilio, Servizo de Lavandería, Roupeiro e Unidade de Hixiene. Servizo para a prevención da Dependencia e a Autonomía Persoal.
- Premio "Promoción da Terra 1997" - Irmandade Moncho Valcarce
- Premio ó "Desarrollo Rural Macario Asenjo Ponce" na categoría Nacional, outorgado pola Fundación do mesmo nome. <http://codinse.com/web/redes/fundacion-para-el-desarrollo-rural-macario-asenjo-ponce/>
- Premio Voluntariado Social Galicia 2018, no XX Congreso Estatal de Voluntariado, pola longa traxectoria e o traballo desenvolvido.

- Premio Pedra Alta 2019, na súa 3ª edición, galardón que concede o Padroado do Museo da Limia (Vilar de Santos) e que ten como obxectivo "recoñecer o traballo e dedicación de persoas ou entidades, encamiñados a pór en valor o coñecemento do pasado, a análise da realidade actual, a creación intelectual, os elementos identitarios ou o apoio ao desenvolvemento económico e social da comarca da Limia". Premio Pedra Alta 2019, en su 3ª edición, galardón que concede el Patronato del Museo de A Limia (Vilar de Santos) y que tiene como objetivo "reconocer el trabajo y dedicación de personas o entidades, encaminados a poner en valor el conocimiento del pasado, el análisis de la realidad actual, la creación intelectual, los elementos identitarios o el apoyo al desarrollo económico y social de la comarca de la Limia".

3.3. ÁREAS DE TRABAJO

O dinamismo que permite que o CDR “O Viso” chegue a un abano tan amplo de poboación e nunha zona xeográfica tan dispersa, é froito do engrenaxe das catro áreas nas que se estrutura o traballo levado a cabo:

- A. Área Educativa-Ambiental e promoción das contornas rurais**
- B. Área de Atención á Comunidade: servizos de proximidade**
- C. Área de Información e Participación Social.**
- D. Área de Inclusión Social e laboral.**

Desde cada unha das áreas e dos servizos que temos fixemos a análise DAFO e o diagnóstico das necesidades e establecemos as liñas estratéxicas de mellora e crecemento que conforman o Plan Estratéxico 2022-2025. na de las áreas y de los servicios que tenemos, hemos realizado el análisis DAFO, el diagnóstico de necesidades y hemos establecido las líneas estratégicas de mejora y crecimiento que conforman el Plan Estratégico 2022-2025.

A. Área Educativa-Ambiental e promoción das contornas rurais

A.1- Pobo escola

O CDR “O Viso” ofrece desde 1994 a oportunidade de coñecer a nosa realidade rural mediante a recuperación da acción educativa da comunidade. Os grupos que visitan Lodoselo fan un percorrido polas actividades e quefaceres propios do lugar e viven outras que forman parte do patrimonio etnográfico popular. Ademais realízanse actividades de conciencia ambiental, consumo responsable, entre outras.

Actividades: elaboración do pan no forno comunitario, recuperación do patrimonio inmaterial limiao, participación nas tarefas de coidado dos animais, fiado da la, elaboración de papel reciclado, xogos populares, contacontos, coñecemento do patrimonio...

A.2- Albergue

Situado na antiga casa reitoral de Lodoselo, restaurada e habilitada e con aloxamento de 40 prazas durante todo o ano para grupos que queiran levar a cabo as nosas actividades ou simplemente queiran aloxarse: colexios, movementos infantís e xuvenís, persoas maiores, grupos de formación e tempo libre, asociacións, familias..

A.3- Espazo na natureza

No noso quefacer queremos transmitir que moito máis que a experiencia da natureza é a experiencia da comunidade a clave en Educación Ambiental. Participar, axudar, colaborar, contribuír, intervir... Non é cuestión de tratar o medio coma unha entidade dissociada das persoas: non separar o humano do medio.

Educación Ambiental como educación sobre o medio, no medio e para o medio. Educación Ambiental como inmersión na realidade, que recolla tamén aspectos subxectivos e vivenciais. Non nos conformamos co obxectivo do coñecemento do medio; perseguimos unha implicación afectiva. Non enfocamos só o medio para sacralizalo (no sentido de admiralo) ou descontextualizalo, fragmentalo (non é un museo onde o importante sexan os obxectos). O noso empeño dinamizador é favorecer a aprendizaxe concibindo o Medio como educador total. Educación como “Saber,” como capacidade de comprender a realidade, de intervir nela, de vivir en harmonía cun mesmo, cos demais e coa natureza.

É así como tratamos de incorporar as actividades agrícolas e gandeiras vencelladas ós oficios de sempre, de relación social co medio.

A.4- Ed. Infantil Familiar na Limia e Casa Niño

O CDR O Viso incorpora, no ano 2015, un novo programa de Educación Infantil Familiar ó seu proxecto de desenvolvemento integral na comarca da Limia. Abrangue:

- Un servizo socioeducativo de apoio ás familias coa posta en marcha de espazos de encontro educativos. Encontros semanais ou quincenais que potencien unha parentalidade positiva nos que participarán as familias e as crianzas e una profesional do CDR. Unha persoa educadora, animadora, mediadora de interaccións entre adultos e nenos, promotora de reflexións educativas sobre estilos e pautas de crianza.
- A creación dunha rede de apoio familiar e atención individualizada para familias e levado polas mesmas familias “ACOUGO”: especialmente para aquelas sen apoios familiares, que precisen contar con alguén para coidar da súa crianza durante algúns momentos puntuais; poderase así axudar a estas familias a conciliar vida familiar e laboral.

Isto que veu facendo Preescolar na Casa desde 1977 –na Limia desde 1985- ata 2012.

Constantando que segue sendo una necesidade contribuír á formación de nais e pais para axudar a desenvolver plenamente as capacidades dos seus fill@s, retomamos aqueles obxectivos:

- Crear unha concienciación da importancia do papel da familia á hora de apoiar o crecemento e desenvolvemento do nen@, reforzar ou modificar actitudes, crenzas e prácticas de crianza.
- Contribuír a crear na sociedade unha cultura da Educación Infantil Familiar e ao desenvolvemento da cultura e da lingua galega.

No 2019 incorporamos a Casa Niño Lodoselo a carteira de servizos do CDR O VISO

A.5- Agro-ganadeiría: mantemento da diversidade e da paisaxe

En harmonía co medio; porque os coidados inclúen o territorio. Non coma un espazo a expoliar senón co vínculo que conleva o saber que forma parte de nós, coa obriga da responsabilidade que xera o aprecio do valioso e a esixencia de corresponder. É o noso soporte vital. Producimos alimentos que nutren; con prácticas centradas na restauración do chan e favorecendo a biodiversidade. Producimos non só para obter as colleitas, tamén para alimentar a vida do chan.

Hortas, fincas, lameiras e lameiros, pasteiros, poulas, soutos e comunais... Ovellas, abellas, burra, coellos, aves (galos e galiñas, pavos, patos, ocas), cadela, gato...

Investigación para a recuperación, recolección e almacenamento de sementes de variedades autóctonas da comarca da Limia.

B. Área de Atención a la Comunidad: Servicios de Proximidad

B.1- Vivienda Comunitaria

Co ánimo de que as circunstancias non obriguen ás persoas maiores da nosa contorna ó abandono do seu lugar de referencia na súa existencia: a súa casa, a súa xente, o seu pobo... O Centro de Desenvolvemento Rural "O Viso", aposta por un modelo de convivencia que se acerque na medida do posible, ós modos de vida normalizados e que supoña, unha alternativa de continuidade á vivenda habitual. En Lodoselo (Sarreaus), podes atopar "A TÚA OUTRA CASA", un aloxamento tutelado para persoas maiores cun máximo de 12 prazas. O tipo de tutela que se exercerá variará, sendo determinante o grao de dependencia dos membros do grupo.

SERVIZOS QUE OFRECE A VIVENDA: Manutención, lavado de roupa, limpeza, dinamización social e o apoio preciso para a realización das actividades da vida cotiá segundo as necesidades particulares (aseo, coidados, administración de medicamentos,...). A vivenda dispón de teléfono, calefacción, comedor e sala de estar, cociña, habitacións dobres e individuais,... todo na planta baixa

B.2- Centro de Inclusión

Establecemento aberto, non residencial, destinado fundamentalmente a promover a participación de toda a comunidade onde se oferta o servizo de comedor, lavandería, hixiene, etc.

- Comedor Social. Para comer todos os días, de luns a domingo; aberto desde as 12.30 ás 15h. sendo a hora do xantar ás 13.30h. Subministración externa para aquelas persoas que non poidan acudir ó Centro por enfermidade ou razóns xustificadas.
- Unidade de hixiene e roupeiro: De luns a venres de 10.30hs - 14.00hs Co obxectivo de fomentar a hixiene das persoas usuarias e o seu coidado persoal, o centro de inclusión conta cun servizo de duchas para toda aquela persoa que o solicite.
- Prestación de servizos de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal

B.3- Servizos no domicilio

Co obxectivo de que os nosos maiores poidan permanecer no seu fogar, dende o CDR "O Viso", ofertamos os seguintes servizos para aquelas persoas maiores e as súas familias, que necesiten axuda no seu día a día:

- "Xantar na Casa" : Servizo de comedor comunitario con subministración externa.
- Servizo de terapia ocupacional e rehabilitación menor.
- Atención psicolóxica.
- Servizo de transporte adaptado.
- Medidas de apoio e acompañamento: - Servizo de ludo-biblioteca: préstamo de material didáctico e informativo para familias con maiores dependentes. - Servizo de préstamo de axudas técnicas e de valoración da accesibilidade do fogar. - Atención e apoio aos nosos maiores dependentes e ás súas familias e/ou persoas coidadoras. - Servizo de acompañamento hospitalario e xestións básicas. - Servizo de preparación de medicación semanal.

B.4- Centro "Lodoselo"

O Centro "LODOSELO" é un centro de prevención á dependencia, fomento da autonomía persoal e de apoio ás familias da nosa contorna que durante o día presta atención terapéutica integral e plural ás persoas da nosa comunidade. O dereito a envellecer cos teus, na túa casa. Un centro das persoas, para a comunidade rural, onde as persoas son parte activa e non só perceptoras de servizos.

SERVIZOS: Servizo de manutención, Servizo de hixiene e coidados persoais, Servizo de atención, fisioterapia e de rehabilitación, Terapia ocupacional, Atención psicosocial, Podoloxía, Actividades físicas e lúdicas, Servizo de transporte adaptado para traslados ó centro.

B.5. Biocoidados

Un modelo de atención e desenvolvemento de servizos de apoio comunitarios no ámbito dos coidados que se está elaborando desde o paradigma da Atención Integral Centrada na Persoa.

Está a realizarse en nove comunidades autónomas (Andalucía, Aragón, Asturias, Cantabria, Castela e León, Cataluña, a Comunidade Valenciana, Estremadura e Galicia) e en 18 localizacións con distintos colectivos como infancia e adolescencia en risco de exclusión, persoas maiores e persoas con diversidade funcional.

Biocoidados está inspirado no ecosistema que xera a comunidade rural. Este modelo para o coidado da vida e as persoas do medio rural quere aproveitar as pequenas dimensións das poboacións rurais para implementar outros modelos de atención na comunidade e de maneira integral, xa que no mundo rural non hai segmentacións entre os colectivos da poboación.

Aproveitar a idiosincrasia do comunitario no rural para promover unha vida plena e demostrar que é posible levar a cabo infinidade de proxectos de vida diferentes nestas contornas nos que certamente temos a moita xente maior. E a eles queremos telos en conta, empezar por contar con eles, preguntarlles como queren ser atendidos, analizar as necesidades e os proxectos de vida das persoas para articular modelos de apoio baseados nos recursos da comunidade rural que presten servizos integrais centrados na persoa, potenciando a súa autonomía persoal.

Con este enfoque e ben deseñada a metodoloxía de traballo ad hoc implementarase para que as persoas poidan desenvolver os seus proxectos de vida na súa comunidade rural. Porque o medio rural danos unha escala máis pequena e máis humana, cunha rede social activa, con coñecemento de cada unha das persoas, o que permitirá deseñar eses proxectos de vida integrais centrados na persoa.

E quizá, máis adiante, podamos, por medio destas propostas contrastadas, lograr un mellor desenvolvemento rural grazas ao cal, as persoas que viven nestas comunidades, sintan que poden vivir plenamente. Cun acceso específico á atención e aos servizos necesarios.

Tras avaliar o proxecto piloto con axentes externos como as universidades colaboradoras, administracións locais e autonómicas e outros axentes sociais dos territorios, esperamos contribuír ao desenvolvemento de novas políticas públicas para a prevención da institucionalización, o fomento da desinstitucionalización e mellorar o modelo de atención e desenvolvemento de servizos de apoio comunitarios no ámbito dos coidados.

C. Área de Información e Participación Social

C.1- CIX da Limia, Centro de Información e Servizos integrados

O CIX é un Centro de Información para a mocidade e para toda a comunidade da Limia, xurdido da iniciativa do Centro de Desenvolvemento Rural “O Viso” e que conta co apoio de diferentes administracións.

O obxectivo do CIX da Limia é achegar á sociedade Limiá todas aquelas informacións que poidan ser de interese e utilidade, así como facilitar o acceso a axudas, subvencións e outros recursos que poñen en marcha as diferentes administracións. Desta forma o CDR O Viso, a través do CIX da Limia, pretende facilitar a toda a comunidade, especialmente á mocidade, a inserción laboral, a mellora da formación profesional e educativa, a promoción do asociacionismo e a participación social e cultural.

C.2- Comercio Xusto - Consumo Responsable

En la oficina del Centro de Información Juvenil tenemos instalada una pequeña tienda de Comercio Justo para Na oficina do Centro de Información Xuvenil temos instalada unha pequena tenda de Comercio Xusto para que toda a comunidade da Limia poida coñecer esta outra forma de axudar aos países máis empobrecidos.

É un comercio posto en marcha por ONGs que intentan que os países pobres poidan saír do seu atraso polos seus propios medios. Para isto, realízase un comercio no que se lles paga un prezo xusto aos produtores (cooperativas) ademais de asegurar un respecto polos dereitos humanos e o medio ambiente

C.3- Escola de Tempo Libre "Limicorum"

Dende o Centro de Desenvolvemento Rural "O Viso" e dentro do seu proxecto integral, continúaase a potenciar dende o ano 1.991 particularmente á mocidade da comarca, favorecendo unha formación e información ligada ós recursos posibles da Limia. Impulsando a iniciativa económica, traballando no plano da dinamización sociocultural, favorecendo a súa participación, transmitindo uns valores axeitados, descubriendo o entorno e a propia identidade.

C.4-1 Programas de Acción Voluntaria

Defínese a Acción Voluntaria como aquela que se desenvolve dentro dunha organización sen ánimo de lucro por persoas físicas que, de xeito altruísta e solidario, interveñen coas persoas e a realidade social, fronte a situacións de vulneración, privación ou falta de dereitos ou oportunidades para alcanzar unha mellor calidade de vida e unha maior cohesión e xustiza social como expresión de cidadanía activa organizada.

C.4-2 Servizo de Voluntariado Europeo

O Centro de Desenvolvemento Rural "O Viso" participa na rede do Servizo de Voluntariado Europeo (SVE). O Servizo Voluntario Europeo é unha das accións do Programa Erasmus+, cofinanciado pola Comisión Europea e que require de tres partes: unha organización de envío, unha persoa voluntaria e unha organización de acollida. O CDR "O Viso" colabora como organización de envío, coordinadora e acollida. Este programa de mobilidade internacional permite á mocidade de entre 18 e 30 anos realizar un proxecto de voluntariado de 6 a 12 meses de duración nunha ONG de calquera país da Unión Europea, nos países membros do espazo Económico Europeo.

D. Área de Inclusión Social e laboral

D.1- Cobertura de bens de primeira necesidade

O obxectivo xeral deste programa de atención urxente é "contribuír á provisión das necesidades básicas de alimentación, hixiene e vestuario das persoas da Comarca da Limia (principalmente dos Concellos de Sarreaus, Xinzo de Limia e Trasmiras) que se atopen en situación de risco ou exclusión social, para mellorar a súa saúde e calidade de vida, na procura da súa inserción social e laboral".

O programa contempla o desenvolvemento dos seguintes servizos:

- Servizo de acompañamento: este servizo contempla o acompañamento para a inserción sociolaboral da cidadanía que demande o apoio para o deseño, construción e seguimento do seu itinerario persoalizado de inserción sociolaboral, derivación cara outros servizos normalizados, etc.
- Servizo de reparto de alimentos e produtos de hixiene, dirixido a aquelas unidades familiares en situación de risco ou exclusión social, que por diversas circunstancias -entre elas, carecer de ingresos insuficientes- teñan dificultades para cubrir as súas necesidades básicas de alimentación.

- Servizo de hixiene e pequenas curas. Nas súas instalacións do Centro de Día “Lodoselo” o CDR O Viso leva a cabo pequenas curas ou servizo de hixiene a persoas de maneira puntual. Este servizo está dirixido a aquelas unidades familiares que presenten unha alteración da dinámica habitual do fogar para manter uns hábitos básicos de hixiene.
- Servizo de roupeiro e lavandería: servizo de intermediación de persoas que, de maneira altruista, desexen doar ou trocar roupa para franxas de idade concretas (roupa para bebés, etc.), derivación ao roupeiro de Cáritas Diocesana, etc. O servizo de lavandería contéplase para aquelas persoas que, non podendo afrontar o aseo e lavado da súa roupa, precisen este apoio unha vez á semana no Centro de Día “Lodoselo”.

D.2- Ruralempréga-T

Ruralempréga-t é un programa do CDR "O Viso" que promove a inserción social e laboral de persoas en risco de exclusión social ou situación de vulnerabilidade (desempregadas de longa duración, maiores de 45 anos, mulleres, mocidade e, especialmente aquelas con baixa cualificación profesional). Ao mesmo tempo, está aberto a toda a cidadanía interesada na mellora das súas competencias para a promoción sociolaboral.

D.3- Orientación e inserción laboral

Desde o Centro de Desenvolvemento Rural O Viso, prestamos os servizos gratuítos de orientación, formación e acompañamento individualizado para a inserción sociolaboral na comarca de A Limia.

3.4.CONTRIBUCIÓN DO CDR O VISO ÓS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTENIBLE

No Centro de Desenvolvemento Rural “O Viso” somos conscientes da necesidade de adoptar medidas para camiñar cara a erradicación dos grandes problemas do planeta de acordo cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030. Partimos do traballo integral na comunidade limiá apostando polo cambio no noso medio rural contribuíndo nos seguintes ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible):

ODS 1: Poñer fin á pobreza en todas as súas formas en todo o mundo: desde a Área de Inclusión Social e Laboral desenvolvemos intervencións nas que temos presente a importancia de promover un crecemento inclusivo, desenvolvendo actuacións que axuden a crear empregos sostibles baixo o principio de igualdade de oportunidades e mellorar a empregabilidade das persoas que viven en risco de exclusión social no medio rural. O Programa de “emerxencia social” dá cobertura ás necesidades básicas de alimentación, hixiene, vivenda e suministros básicos, sendo enriquecido polas actuacións que se desenvolven nos Programas de “Ruralempréga-T”, “Includere” e “Itinerarios integrados para loitar contra o despoboamento”, que promoven a mellora da empregabilidade e o desenvolvemento persoal e profesional das persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade e en risco de exclusión social.

ODS 3: Garantir unha vida sa e promover o benestar para todos en todas as idades: garantir unhas condicións de vida dignas para toda persoa. “Vivenda comunitaria: a túa outra casa”; aloxamento tutelado para 12 persoas maiores e 2 prazas temporais para emerxencia social; servizos de manutención, axuda en actividades básicas diarias, lavado de roupa e dinamización social. “Centro de Inclusión” non residencial destinado a promover a participación de toda a comunidade e que conta cos servizos de: comedor social, lavado, pasado do ferro,

transporte adaptado, podoloxía e perruquería, acompañamento a citas médicas e xestións, terapia ocupacional, ximnasia de mantemento, obradoiro de memoria, fisioterapia e rehabilitación menor, atención psicolóxica etc. Ofrécese servizo de “comedor a domicilio” e incorporouse o servizo de axuda no fogar.

ODS 4: Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos: para toda persoa como base para o cambio. “Pobo Escola”: proxecto que se leva a cabo en Lodoselo para garantir o trasvase de saberes entre xeracións coa veciñanza como monitora das actividades: fauna autóctona, quefaceres comunitarios, xogos tradicionais... “Aula da natureza”: programa de educación ambiental; “Educación Infantil Familiar na Limia” para fomentar a parentalidade positiva e a educación respectuosa.


ODS 5: Promover a igualdade entre os xéneros e empoderar ás mulleres e nenas, nun mundo onde se garanta a súa igualdade en dereitos: transversal a todas as nosas accións e con programas específicos: “Concilia” para garantir a conciliación da vida persoal, social e familiar; “AnikiBobó Proxect” como ferramenta para materializar as campañas de igualdade e contra a violencia de xénero nos concellos da comarca, centros educativos e asociacións. Trabállase o Plan de Igualdade a nivel organización.

ODS 10: Redución das desigualdades: redución das desigualdades: trabállase de forma integral para garantir a redución das desigualdades no medio rural, e fomentar a permanencia das persoas na súa orixe. Desde o CIX (Centro de Información Xuvenil da Limia) lévanse a cabo campañas específicas en Días Internacionais para a sensibilizar á poboación, e cóntase con tenda de Comercio Xusto e ofrécese asesoramento e apoio á mocidade.


ODS 17: Alianzas para acadar os Obxectivos: é fundamental o traballo en rede para a loita contra as problemáticas locais e globais. Colaboramos con empresas da zona, concellos da comarca, administracións públicas, entidades privadas e entidades sociais (Fundación Juan Soñador, Asociación Socioeducativa Antonio Gandoy, Cruz Vermella). Ademais formamos parte de entidades do Terceiro Sector como EAPN (Rede contra a pobreza,) POIG (Plataforma de Organizacións da Infancia).

4. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

ORGANIGRAMA CDR O VISO



ORGANIGRAMA CENTRO “LODOSELO”



5. LÍNEAS ESTRATÉGICAS, OBJETIVOS Y ACCIONES

Las líneas que definen el Plan Estratégico 2022-2025, se presentan alineadas con la misión visión y valores del CDR, así como con los Objetivos de Desarrollo Sostenible de la Agenda 2030. Marcamos seis líneas estratégicas:

- LIÑA 1: CALIDADE DE VIDA, INCLUSIÓN SOCIAL E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES
- LIÑA 2: DESENVOLVEMENTO RURAL SOSTIBLE
- LIÑA 3: XESTIÓN DE CALIDADE
- LIÑA 4: SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA, EMPRENDEMENTO E INNOVACIÓN
- LIÑA 5: COMUNICACIÓN, IDENTIDADE E IMAXE CORPORATIVA
- LIÑA 6: COHESIÓN E FORTALECEMENTO DA ENTIDADE E TRABALLO EN REDE

Alineada cos ODS: 1, 3, 4, 5, 8, 10 Y 11

Obxectivo 1.1. Contribuír á provisión das necesidades básicas de alimentación, hixiene e vestiario das persoas da Comarca da Limia, que se atopan en situación de risco ou exclusión social, para mellorar a súa saúde e calidade de vida.

- Acción 1.1.1. Reparto de alimentos e produtos de hixiene, dirixido a aquelas unidades familiares en situación de risco ou exclusión social derivadas dos Servizos Sociais de Base.
- Acción 1.1.2. Apoio de hixiene nas instalacións do Centro de Inclusión Lodoselo
- Acción 1.1.3. Apoio de roupeiro e lavandería
- Acción 1.1.4. Préstamo de Axudas técnicas para o fogar

Objetivo 1.2. : Promover a mellora da empregabilidade e inserción laboral das persoas que residen na Comarca da Limia:

- Acción 1.2.1. Desenvolver accións de orientación laboral que promovan o deseño de itinerarios personalizados de inserción que contribúan á mellora da empregabilidade das persoas atendidas.
- Acción 1.2.2. Diseñar unha oferta formativa (online/presencial) axustada ás demandas do mercado laboral de la Comarca, para promover a cualificación das persoas participantes, axudando a adquirir e/ou perfeccionar competencias profesionais asociadas a unha ou varias ocupacións.
- Acción 1.2.3. Ofrecer apoio especializado para amellora de competencias persoais e dixitais que favorezan a incorporación persoal, social e laboral

Objetivo 1.3. Mellorar a organización e dinamización doss Servizos de Proximidade que promovan a permanencia das persoas maiores da nosa comarca no seu domicilio e/ou na súa contorna

- Acción 1.3.1. Promover a integración e interacción das persoas maiores, que viven na vivenda comunitaria “A túa outra casa” nas actividades de dinamización comunitaria que se desenvolve no CDR.
- Acción 1.3.2. Optimizar a organización e participación dos Recursos Humanos do Centro de Inclusión Social e o Centro “Lodoselo”, no desenvolvemento das actividades de promoción da autonomía, da participación social e comunitaria das persoas beneficiarias dos servizos.
- Acción 1.3.3. Reforzar o servizo de comedor comunitario no Centro de Inclusión coa incorporación da atención terapéutica que promova a autonomía na comida (axudas técnicas para a comida e intervención terapéutica en condutas non adaptadas durante as comidas)
- Acción 1.3.4. Manter os servizos de terapia ocupacional, rehabilitación menor e atención psicolóxica en domicilios para persoas maiores.
- Acción 1.3.5. Mellorar a difusión do Servizo de préstamos de axudas técnicas, servizo de acompañamento hospitalario e xestións básicas.

Objetivo 1.4. Manter a perspectiva transversal de igualdade de oportunidades

- Acción 1.4.1. Promover a igualdade de oportunidades no deseño e implementación de cada actividade desenvolvida desde o CDR O Viso
- Acción 1.4.2. Participar, de forma activa, en actividades que promovan a igualdade de oportunidades promocionadas por axentes socio-políticos da comarca
- Acción 1.4.3. Manter os servizos gratuítos facilitados á poboación para diminuír as desigualdades no acceso á información e a fenda dixital no medio rural
- Acción 1.4.4. Manter os servizos de apoio na conciliación e educación en familia.
- Acción 1.4.5. Intensificar o traballo en rede cos Servizos Sociais e CIM en situacións de violencia de xénero

Objetivo 1.5. Articular modelos de apoyo basados en los recursos de la comunidad rural que presten servicios integrales centrados en la persona, potenciando su autonomía personal. Biocuidados.

- Acción 1.5.1. Implementación de una nueva metodología de prestación de servicios integrales centrados en la persona que vive en el medio rural, partiendo de las líneas establecidas por el Proyecto de Biocuidados.

Objetivo 1.6. Reforzar las intervenciones de apoyo a la infancia y de promoción de la conciliación.

- Acción 1.6.1. Continuar con el Servicio socioeducativo de apoyo a la infancia y a la parentalidad positiva.
- Acción 1.6.2. Incidir de forma más especial en la creación de una red de apoyo, una atención individualizada y un diseño específico de actuaciones que puedan mejorar la situación de las familias con menores, que se encuentran en situación de riesgo o exclusión social.

LÍNEA 2: DESARROLLO RURAL SOSTENIBLE

Alineada con ODS 11,17,12.

Objetivo 2.1 Favorecer la recuperación y puesta en valor del patrimonio cultural y medioambiental del territorio, como estrategia de desarrollo rural sostenible

- Acción 2.1.1. Dinamizar la realización de talleres sobre “los saberes” de nuestra Comarca.
- Acción 2.1.2. Ampliar las actividades de educación ambiental como inmersión en la realidad que ayuden a perpetuar conocimientos
- Acción 2.1.3. Promover la participación de alumnado de Educación Primaria y Secundaria en las Actividades en el “Pueblo Escuela”
- Acción 2.1.4. Dinamizar el proyecto de las “Casas de La Memoria”, para darlo a conocer y crear nuevas elaboraciones de contenidos comunitarios que sirvan para la recuperación de un “pasado olvidado”.

Objetivo 2.2. Fomentar el asentamiento de nuevas personas pobladoras y la fijación de la población en el medio rural

- Acción 2.2.1. Analizar e inventariar los recursos del territorio (ofertas de empleo, casas, tierras) en coordinación con los Ayuntamientos/empresas/entidades para fomentar el asentamiento de la población.
- Acción 2.2.2. Realizar actividades de información, apoyo y seguimiento de nuevas personas pobladoras.

Objetivo 2.3. Investigar para la recuperación, recolección y almacenaje de semillas de variedades autóctonas de la comarca de A Limia.

- Acción 2.3.1. Ampliar el banco de semillas
- Acción 2.3.2. Investigación científico - técnica para la mejora de las prácticas en educación ambiental en materia de conservación de la biodiversidad.

Objetivo 2.4. Visibilizar la importancia del comercio justo entre la población joven.

- Acción 2.4.1. Reactivar los puntos de venta en los IES de la Comarca A Limia.

Objetivo 2.5. Dinamizar la participación del voluntariado en actividades que desarrollamos

- Acción 2.5.1. Actualizar el listado de voluntariado activo y su disponibilidad en la participación.

LÍNEA 3: GESTIÓN DE CALIDAD

Objetivo 3.1. Mejorar las herramientas de gestión de la entidad

- Acción 3.1.1. Mantener el uso de herramientas colaborativas para promover el conocimiento compartido y una mejor gestión del tiempo.
- Acción 3.2. Optimizar los equipos informáticos y promover un uso responsable de la impresora.

Objetivo 3.2. Definir las responsabilidades y compartir el liderazgo

- Acción 3.2.1. Formación sobre el liderazgo colaborativo.
- Acción 3.2.2. Promover un sistema de trabajo en red entre las personas responsables de cada Área para tener una visión integrada de la dinámica de la entidad, mejorar la coordinación y dotar de coherencia interna a las actividades diseñadas e implementadas.

Objetivo 3.3. Optimizar la aplicación de los procedimientos de calidad en base a la Certificación ISO 9001.

- Acción 3.3.1. Supervisar mensualmente todos los procesos de calidad.

Objetivo 3.4. Adecuar el cumplimiento de la LPD a los nuevos sistemas/herramientas de gestión y atención a las personas participantes

- Acción 3.4.1. Verificar con la empresa externa el cumplimiento de la LPD en todos los nuevos procesos de gestión para las personas participantes.

LÍNEA 4: SUSTENTABILIDAD ECONÓMICA, EMPRENDIMIENTO E INNOVACIÓN

Alineada con ODS 1

Objetivo 4.1. Consolidar las fuentes de financiación actuales

- Acción 4.1.1. Tener reuniones y contactos permanentes con las distintas administraciones financiadoras y con responsables de fundaciones.

Objetivo 4.2. Buscar nuevas alternativas y fuentes de financiación

- Acción 4.2.1. Elaboración de nuevos programas y participación en iniciativas europeas.
- Acción 4.2.2. Realizar una campaña de captación de donaciones.
- Acción 4.2.3. Captación de fondos RSC mediante la difusión del dossier de la entidad y otras acciones necesarias.

Objetivo 4.3. Potenciar la generación de recursos económicos propios

- Acción 4.3.1. Prestación de servicios propios a través de la firma de convenios y acceso a contratos públicos /privada
- Acción 4.3.2. Crear un fondo de garantía con las aportaciones de las personas socias

Objetivo 4.4. Generar ideas innovadoras que favorezcan un desarrollo sostenible de la entidad

- Acción 4.4.1. Facilitar espacios de ideación y creatividad para nuevos proyectos.

LÍNEA 5: COMUNICACIÓN, IDENTIDAD E IMAGEN CORPORATIVA

Objetivo 5.1. Difundir la actividad del CDR y su discurso social para fortalecer su imagen en la sociedad.

- Acción 5.1.1. Realizar difusiones de los servicios y actividades que desarrollamos en los medios de comunicación , redes y web.
- Acción 5.1.2. Establecer reuniones con Ayuntamientos, agentes sociales para dar a conocer los servicios que prestamos en el CDR O Viso y establecer las vías de derivación ágiles que mejoren la atención de las personas beneficiarias.

Objetivo 5.2. Mejorar la comunicación interna de la organización.

- Acción 5.2.1. Establecer reuniones periódicas por programas, como elemento añadido a las reuniones mensuales de coordinación.

LÍNEA 6: COHESIÓN Y FORTALECIMIENTO DE LA ENTIDAD, GRUPOS DE INTERÉS Y TRABAJO EN RED

Alineada con ODS 17

Objetivo 6.1. Incrementar el sentimiento de pertenencia y el acercamiento de grupos de interés interno de la entidad

- Acción 6.1.1. Proponer un espacio de encuentro anual de carácter lúdico/recreativo entre los distintos grupos de interés interno.
- Acción 6.1.2. Hacer un reconocimiento del buen trabajo realizado, a través de actos y de hechos concretos (homenajes, diploma, flores , medallas, etc)

Objetivo 6.2. Mantener y potenciar alianzas con otras entidades del ámbito local , regional o nacional

- Acción 6.2.1. Participar en reuniones, encuentros , jornadas, asambleas etc, con otras entidades generando redes.

Objetivo 6.3. Ampliar la base asociativa de la entidad

- Acción 6.3.1. Diseño y puesta en marcha de una estrategia para la captación de personas socias.

Objetivo 6.4. Promover la solidaridad y el compromiso social entre la población del territorio , ampliando el número de personas voluntarias

- Acción 6.4.1. Realizar diferentes acciones anuales (charlas , encuentros, videos, difusión de redes y web, carteles etc)que difundan la labor del voluntariado.

Objetivo 6.5. Mejorar las condiciones laborales y promover la formación

- Acción 6.5.1. Realizar una encuesta para conocer las necesidades formativas del personal y programas acciones de acuerdo a sus demandas y a las necesidades de la entidad.
- Acción 6.5.2. Ofertar acciones de formación continua que responda a las necesidades, tanto de las propias personas trabajadoras como de la propia entidad.
- Acción 6.5.3. Adaptar los horarios de las personas trabajadoras, siempre que sea posible, a una jornada continua y a tiempo completo .

6. EVALUACIÓN Y SEGUIMIENTO DEL PLAN ESTRATÉGICO

Todas las líneas estratégicas definidas en el presente plan están acompañadas de una serie de indicadores temporalizados, para realizar un seguimiento anual que permita establecer los ajustes necesarios para la consecución de los objetivos planteados en cada una de las líneas estratégicas.

La Junta Directiva requerirá la información relativa al seguimiento y evaluación del Plan Estratégico, así como valorará las propuestas de mejora planteadas por la coordinación.

7. PLAN DE DIFUSIÓN Y COMUNICACIÓN DEL PLAN

Aprobado en Plan Estratégico 2022-2025, se difundirá en base a los siguientes pasos:

- Web CDR O Viso
- Difusión a todas las entidades con las que CDR O Viso tiene convenio de colaboración
- Difusión en prensa escrita a nivel comarcal y regional
- Difusión en web de COCEDER.
- Difusión a todas las entidades socias de COCEDER